



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN01	Emerxencias sanitarias	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0056	Atención sanitaria especial en situacións de emerxencia	2025/2026	0	227	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LUCIA LAREO BARREIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza operacións de apoio ao equipo de saúde no soporte vital avanzado en relación coas patoloxías de emerxencia.
RA2 - Realiza operacións de preparación e administración da medicación de emerxencia, tendo en conta as especificacións farmacéuticas.
RA3 - Efectúa procedementos para lles prestar atención a pacientes con lesións por traumatismos e outros axentes físicos, segundo os protocolos de actuación.
RA4 - Aplica os procedementos para lles prestar atención a pacientes con lesións por axentes químicos e biolóxicos, segundo os protocolos de actuación.
RA5 - Aplica os procedementos para lles prestar atención a pacientes con patoloxía orgánica de urxencia, segundo os protocolos de actuación.
RA6 - Intervén en situacións de parto inminente, analiza os síntomas que presenta a embarazada e describe os procedementos de actuación.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identificouse o material de emerxencias.
CA1.2 Describiuse a utilidade, o funcionamento e o manexo dos equipamentos electromédicos.
CA1.3 Clasificáronse os equipamentos e o material segundo as situacións de emerxencia.
CA2.1 Identificouse a medicación de emerxencia de uso máis frecuente.
CA2.2 Analizáronse as indicacións da medicación nas situacións de emerxencia sanitaria.
CA2.3 Enumeráronse os efectos adversos da medicación de uso máis frecuente.



Criterios de avaliación do currículo
CA2.4 Enumeráronse as vías de administración.
CA3.1 Valorouse a necesidade de actuar con eficacia para evitar aumento de morbilidade.
CA3.2 Descríbense os procedementos para a valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.
CA3.3 Identifícanse as lesións atendendo á biomecánica dos traumatismos.
CA3.4 Aplícanse os protocolos de limpeza e desinfección das feridas.
CA3.5 Descríbense os tipos de vendaxe en relación coa súa función.
CA3.8 Valorouse a gravidade das queimaduras atendendo á súa profundidade e á súa extensión.
CA4.1 Clasifícanse os axentes tóxicos.
CA4.2 Relacionáronse os axentes tóxicos cos seus efectos nocivos.
CA4.3 Descríbense as medidas iniciais ante un paciente intoxicado dependendo da natureza, da cantidade e da vía de entrada do axente tóxico.
CA4.4 Clasifícanse os axentes biolóxicos.
CA4.5 Relacionáronse as vías de exposición e as lesións que producen.
CA4.6 Especificouse a utilidade dos materiais e dos equipamentos de bioseguridade.
CA4.7 Descríbiuse a técnica de descontaminación.
CA4.8 Tívoise en conta a seguridade para a propia vida na intervención.
CA4.9 Identifícanse os signos e os síntomas das lesións producidas por animais.
CA5.1 Descríbiuse a patoloxía cardiovascular de urxencia.
CA5.2 Analizouse o algoritmo de actuación nas emerxencias cardiovasculares.



Criterios de avaliación do currículo
CA5.3 Describiuse a patoloxía respiratoria de urxencia.
CA5.4 Especificáronse os protocolos de actuación nas emerxencias respiratorias.
CA5.5 Describiuse a patoloxía dixestiva de urxencia.
CA5.6 Especificáronse os protocolos de actuación nas emerxencias dixestivas.
CA5.7 Describiuse a patoloxía urxente dos órganos dos sentidos.
CA5.8 Especificáronse os algoritmos de actuación nas emerxencias dos órganos dos sentidos.
CA5.9 Describiuse a patoloxía neurolóxica de urxencia.
CA5.10 Analizouse o protocolo de actuación nas emerxencias neurolóxicas.
CA6.1 Enumeráronse as fases do parto.
CA6.2 Describíronse os signos de parto inminente.
CA6.3 Identificáronse e aplicáronse as manobras de apoio ao parto, na fase de expulsión e na de libramento.
CA6.4 Identificáronse os coidados iniciais do neonato e da nai.
CA6.6 Identificáronse os principios de hixiene para evitar a aparición de infeccións e aplicáronse no suposto práctico.
CA6.7 Recoñecéronse complicacións na evolución inicial do parto.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza operacións de apoio ao equipo de saúde no soporte vital avanzado en relación coas patoloxías de emerxencia.



Resultados de aprendizaxe do currículo
RA2 - Realiza operacións de preparación e administración da medicación de emerxencia, tendo en conta as especificacións farmacéuticas.
RA3 - Efectúa procedementos para lles prestar atención a pacientes con lesións por traumatismos e outros axentes físicos, segundo os protocolos de actuación.
RA6 - Intervén en situacións de parto inminente, analiza os síntomas que presenta a embarazada e describe os procedementos de actuación.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.4 Seleccionouse o material necesario para a ventilación mecánica.
CA1.5 Colaborouse na apertura e no mantemento da vía aérea.
CA1.6 Seleccionouse o material necesario para coller unha vía venosa.
CA1.7 Colaborouse na canalización da vía venosa.
CA1.8 Seleccionouse e preparouse o material e os equipamentos de monitorización.
CA1.9 Seleccionouse e preparouse o material para a realización do rexistro electrocardiográfico.
CA1.10 Determinouse a saturación de oxíxeno do paciente por pulsioximetría.
CA2.5 Realizouse a preparación da medicación segundo a vía de administración.
CA2.6 Administrouse a medicación sobre manequíns de adestramento.
CA3.6 Realizáronse vendaxes adaptadas á localización da lesión.
CA3.7 Realizáronse os coidados iniciais ante un paciente con lesións por outros axentes físicos (radiacións, electricidade, conxelacións, etc.).
CA6.5 Preparáronse os equipamentos e materiais para lles prestar os coidados iniciais á nai e ao neonato.



3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Segundo o indicado na Orde do 5 de abril de 2013:

A proba organizarase en dúas partes, unha teórica e outra práctica, que permitan evidenciar, baseándose nos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo profesional.

a) Primeira parte: Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de 0 a 10 puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

b) Segunda parte: As persoas aspirantes que superen a primeira parte realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio. Consistirá no desenvolvemento dun ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de 0 a 10 puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. As persoas que non superen a primeira parte serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Cualificación final:

A cualificación final será numérica, entre 1 e 10, sen decimais. Obterase mediante a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, redondeada á unidade máis próxima.

Nota importante: No caso de que a persoa aspirante suspenda a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse na cualificación final será de 4 puntos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba a quen leve a cabo actuacións fraudulentas ou incumpra as normas de seguridade que impliquen risco, cualificando esa parte cun cero.

2. MÍNIMOS EXIXIBLES

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRIMEIRA PARTE DA PROBA.



RA .1 Realiza operacións de apoio ao equipo de saúde no soporte vital avanzado en relación coas patoloxías de emerxencia.

-CA 1.1 Identificouse o material de emerxencias.

-CA 1.2 Describiuse a utilidade, o funcionamento e o manexo dos equipamentos electromédicos.

-CA 1.3 Clasificáronse os equipamentos e o material segundo as situacións de emerxencia.

RA 2. Realiza operacións de preparación e administración da medicación de emerxencia, tendo en conta as especificacións farmacéuticas.

-CA 2.1 Identificouse a medica ción de emerxencia de uso máis frecuente.

-CA 2.2 Analizáronse as indicacións da medicación nas situacións de emerxencia sanitaria.

-CA 2.3 Enumeráronse os efectos adversos da medicación de uso máis frecuente.

-CA2.4 Enumeráronse as vías de administración.

RA 3 Efectúa procedementos para lles prestar atención a pacientes con lesións por traumatismos e outros axentes físicos, segundo os protocolos de actuación.

-CA 3.1 Valorouse a necesidade de actuar con eficacia para evitar aumento de morbimortalidade.

-CA 3.2 Describíronse os procedementos para a valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.

-CA 3.3 Identificáronse as lesións atendendo á biomecánica dos traumatismos.

-CA 3.4 Aplicáronse os protocolos de limpeza e desinfección das feridas.

-CA 3.5 Describíronse os tipos de vendaxe en relación coa súa función.

-CA 3.8 Valorouse a gravidade das queimaduras atendendo á súa profundidade e á súa extensión.

RA 4 Aplica os procedementos para lles prestar atención a pacientes con lesións por axentes químicos e biolóxicos, segundo os protocolos de actuación.

-CA 4.1 Clasificáronse os axentes tóxicos.

-CA 4.2 Relacionáronse os axentes tóxicos cos seus efectos nocivos.

-CA 4.3 Describíronse as medidas iniciais ante un paciente intoxicado dependendo da natureza, da cantidade e da vía de entrada do axente tóxico.

-CA 4.4 Clasificáronse os axentes biolóxicos.

-CA 4.5 Relacionáronse as vías de exposición e as lesións que producen.

-CA 4.6 especificouse a utilidade dos materiais e dos equipamentos de bioseguridade.

-CA 4.7 Describiuse a técnica de descontaminación.

-CA 4.8 Tívoise en conta a seguridade para a propia vida na intervención.

-CA 4.9 Identificáronse os signos e os síntomas das lesións producidas por animais.

RA 5 Explica os procedementos para lles prestar atención a pacientes con patoloxía orgánica de urxencia, segundo os protocolos de actuación.



- CA 5.1 Describiuse a patoloxía cardiovascular de urxencia.
- CA 5.2 Analizouse o algoritmo de actuación nas emerxencias cardiovasculares.
- CA 5.3 Describiuse a patoloxía respiratoria de urxencia.
- CA 5.4 Especificáronse os protocolos de actuación nas emerxencias respiratorias.
- CA 5.5 Describiuse a patoloxía dixestiva de urxencia.
- CA 5.6 Especificáronse os protocolos de actuación nas emerxencias dixestivas.
- CA 5.7 Describiuse a patoloxía urxente dos órganos dos sentidos.
- CA 5.8 Especificáronse os algoritmos de actuación nas emerxencias dos órganos dos sentidos.
- CA 5.9 Describiuse a patoloxía neurolóxica de urxencia.
- CA 5.10 Analizouse o protocolo de actuación nas emerxencias neurolóxicas.

RA 6 Intervén en situacións de parto inminente, analiza os síntomas que presenta a embarazada e describe os procedementos de actuación.

- CA 6.1 Enumeráronse as fases do parto.
- CA 6.2 Describíronse os signos de parto inminente.
- CA 6.3 identificáronse e aplicáronse as manobras de apoio ao parto, na fase de expulsión e na de libramento.
- CA 6.4 Identificáronse os coidados iniciais do neonato e da nai.
- CA 6.6 Identificáronse os principios de hixiene para evitar a aparición de infeccións e aplicáronse no suposto práctico.
- CA 6.7 ecoñecéronse complicacións na evolución inicial do parto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA SEGUNDA PARTE DA PROBA.

RA .1 Realiza operacións de apoio ao equipo de saúde no soporte vital avanzado en relación coas patoloxías de emerxencia.

- CA 1.4 Seleccionouse o material necesario para a ventilación mecánica.
- CA 1.5 Colaborouse na apertura e no mantemento da vía aérea.
- CA 1.6 Seleccionouse o material necesario para coller unha vía venosa.
- CA 1.7 Colaborouse na canalización da vía venosa.
- CA 1.8 Seleccionouse e preparouse o material e os equipamentos de monitorización.
- CA 1.9 Seleccionouse e preparouse o material para a realización do rexistro electrocardiográfico.
- CA 1.10 Determinouse a saturación de oxíxeno do paciente por pulsioximetría.

RA 2. Realiza operacións de preparación e administración da medicación de emerxencia, tendo en conta as especificacións farmacéuticas.



- CA 2.5 Realizouse a preparación da medicación segundo a vía de administración.
- CA 2.6. Administrouse a medicación sobre manequíns de adestramento

RA 3 Efectúa procedementos para lles prestar atención a pacientes con lesións por traumatismos e outros axentes físicos, segundo os protocolos de actuación.

- CA 3.6 Realizáronse vendaxes adaptadas á localización da lesión.
- CA 3.7 Realizáronse os coidados iniciais ante un paciente con lesións por outros axentes físicos (radiacións, electricidade, conxelacións, etc.)

RA 6 Intervén en situacións de parto inminente, analiza os síntomas que presenta a embarazada e describe os procedementos de actuación.

- CA 6.5 Preparáronse os equipamentos e materiais para lles prestar os coidados iniciais á nai e ao neonato.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A proba teórica consistirá nun exame escrito de preguntas de resposta múltiple e/ou resposta curta, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos.

Cualificación e Corrección

- Formato: O cuestionario de resposta múltiple contará con catro opcións de resposta, sendo só unha a correcta.
- Penalización: As respostas contestadas erróneamente restarán 1/2 do valor de cada resposta correcta. As respostas non contestadas non terán valoración ningunha.
- Nota: A proba puntuarase de 0 a 10 e requirirase dun mínimo de 5 puntos para superala.
- Duración: O tempo máximo para a realización do exercicio será de 120 minutos.

Normas de Organización e Materiais

- Identificación: O alumnado deberá presentar o DNI/NIE á entrada e mantelo visible sobre a mesa. É obrigatorio asinar a folla de respostas e cubrir todos os datos de identificación.
- Instrumentos autorizados: Só se permite o uso de bolígrafo azul ou negro, lapis e goma.
- Prohibicións: Queda totalmente prohibido o uso de calculadoras, así como de correctores (tipo Tipp-Ex).



- Acceso e permanencia: Non se permitirá o acceso á aula unha vez comezada a proba nin se poderá saír da mesma ata que transcorran un mínimo de 15 minutos dende o inicio.
- Dispositivos electrónicos: Está prohibido o uso de teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera dispositivo con capacidade de almacenamento ou comunicación. Estes deberán estar totalmente apagados (non se permite o modo avión) e fóra do alcance do alumnado.

Fraude e Seguridade

- Calquera acto de copia, fraude ou a simple posesión de dispositivos electrónicos durante a proba suporá a expulsión inmediata e a cualificación será de 0 (cero).
- Non se corruxirán probas que non estean na folla oficial, probas sen nome ou escritas a lapis.

4.b) Segunda parte da proba

Consistirá en varias actividades e casos prácticos que integrarán os criterios de avaliación establecidos no apartado 2.b.

Para a realización desta segunda parte da proba, entregárase a cada estudante unha ficha-guía coas actividades propostas e as tarefas a realizar, así como a resolución dun ou varios supostos prácticos.

Instrumentos e Normas

- Instrumentos necesarios: Bolígrafo azul ou negro e calculadora non programable.
- Duración: O tempo máximo para a realización desta parte será de 120 minutos.
- Cualificación: Esta parte puntuarase de 0 a 10. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Normas de réxime interno

- Identificación: Deberá presentarse o DNI á entrada e permanecerá enriba da mesa durante todo o exame. Todos os datos de identificación deben estar cubertos e as follas de resposta asinadas.
- Dispositivos electrónicos: Está prohibido o uso de teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo con capacidade de almacenamento ou comunicación. Os dispositivos teñen que estar totalmente apagados.
- Seguridade e Fraude: Calquera acto de copia ou fraude suporá a expulsión e a cualificación de cero. Así mesmo, o incumprimento das normas de prevención que impliquen risco suporá a expulsión inmediata.